

**ACTA DA SESIÓN Nº 2 DA MESA DE CONTRATACIÓN RELATIVA Á LICITACIÓN POR  
PROCEDIMENTO ABERTO PÚBLICO: CONTRATACIÓN DO SERVICIO DE MONTAXE DE STANDS,  
MOQUETA, TARIMA, CARPAS, MOBILIARIO, COMPLEMENTOS E PRESTACIÓN DE SERVICIOS  
ACCESORIOS (REF.: 6006/2011-01)**

**DATA:** 25 de outubro de 2010

**LUGAR:** Oficinas FUNDACIÓN SEMANA VERDE DE GALICIA. Silleda.

**ASISTENTES:**

- D. Manuel Sanmartín Alende (Director Económico - Financeiro), Presidente
- D. Carlos Mato Montoto (Director de Infraestrutura e Servizos), Vogal
- D. Miguel Sánchez Varela (Director Comercial), Vogal
- D<sup>a</sup>. Silvia Regal López (Directora de Comunicación e Marketing), Vogal
- D. Manuel Bernárdez Carbón, Secretario

Como continuación á sesión nº 1 mantida o día 14 de outubro procédese a nova reunión da comisión de contratación composta polos membros arriba indicados procedendo ó estudo da documentación requirida ás seguintes empresas o día 14 de outubro:

PERSPECTIVA Y GESTIÓN FERIAL, S.L.- Habéndose requirido o “Poder declarado bastante pola Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia”, recibíuse a documentación no prazo acordado. A mesa de contratación admite a documentación administrativa do sobre “A”

Sendo, finalmente, a relación de empresas aceptadas a seguinte:

1. PERSPECTIVA Y GESTIÓN FERIAL, S.L.
2. EVENTOS LINEXPO, S.L.
3. M<sup>a</sup> DOLORES MARTINEZ-VARA DE REY, S.A. (MARVA)
4. MAXISTANDS NUEVO DISEÑO, S.L.L.
5. TOLDOS BARRY, S.L.
6. ADELANTE EVENTOS Y SERVICIOS, S.L.

Previo a apertura do sobre “B” a mesa de contratación acorda por unanimidade dos membros considerar a adxudicación por lotes, con un primeiro lote para os montaxes de carpas exteriores e un segundo lote para o resto dos servizos (como así o contempla o apartado 15 da folla de especificacións)

Así mesmo decidiu por unanimidade valorar independentemente por unha banda o MONTAXE STAND, TARIMA, MOQUETA, MOBILIARIO, COMPLEMENTOS E SERVICIOS ACCESORIOS (Lote 1) e por outra o MONTAXE DE CARPAS EXTERIORES (Lote 2) xa que de esta forma pódese valorar con maior precisión os medios persoais e técnicos.

De seguido, procédese a examinar e analizar a documentación contida no sobre "B", coas correspondentes deliberacións dos membros da mesa e tendo en consideración as explicacións técnicas de D. Carlos Mato Montoto (Director de Infraestrutura e Servizos).

De forma individualizada procédese a votación de cada unha das ofertas, resultando as seguintes puntuacións medias:

**MONTAXE STAND, TARIMA, MOQUETA, MOBILIARIO, COMPLEMENTOS E SERVIZOS ACCESORIOS (Lote 1)**

Empresa Licitadora	15.2 Medios persoais e técnicos (ata 40 puntos)	15.3 Memoria técnica de operatividade e actuacións (ata 10 puntos)	TOTAL VALORACIÓN SOBRE "B" (ata 50 puntos)
Perspectiva y Gestión Ferial, S.L.	28,80	6,80	<b>35,60</b>
Eventos Linexpo, S.L.	30,00	6,40	<b>36,40</b>
M <sup>a</sup> Dolores Martinez-Vara de Rey, S.A. (MARVA)	40,00	4,40	<b>44,40</b>
Maxistands Nuevo Diseño, S.L.L.	22,00	5,20	<b>27,20</b>
Toldos Barry, S.L.	26,00	6,40	<b>32,40</b>
Adelante Eventos y Servicios, S.L.	18,00	4,80	<b>22,80</b>

**MONTAXE DE CARPAS EXTERIORES (Lote 2)**


Empresa Licitadora	15.2 Medios persoais e técnicos (ata 40 puntos)	15.3 Memoria técnica de operatividade e actuacións (ata 10 puntos)	TOTAL VALORACIÓN SOBRE "B" (ata 50 puntos)
Perspectiva y Gestión Ferial, S.L.	27,80	6,80	<b>34,60</b>
Eventos Linexpo, S.L.	30,00	6,40	<b>36,40</b>
M <sup>a</sup> Dolores Martinez-Vara de Rey, S.A. (MARVA)	40,00	4,40	<b>44,40</b>
Maxistands Nuevo Diseño, S.L.L.	22,00	5,20	<b>27,20</b>
Toldos Barry, S.L.	37,20	7,40	<b>44,60</b>
Adelante Eventos y Servicios, S.L.	18,00	4,80	<b>22,80</b>


Valórase positivamente a mellora presentada pola empresa Eventos Linexpo, S.L.U. consistente na gratuidad dos paneis de cerramento, elementos de montaxe exclusivos da organización e zoa de descanso.


Tamén se acorda por unanimidade dos membros da mesa non adxudicar o apartado 11 do prego de prescricións técnicas (Stand de Deseño). Para as demandas de este servizo se solicitará proposta ós ofertantes, adxudicándose en cada caso a proposta aceptada polo cliente.

Así mesmo, procédese a determinar a data na que se levará a cabo o acto público para a apertura dos sobres "C", que se fixa para o día **29 de outubro de 2010, ás 11:00 horas** nas Oficinas da Fundación Semana Verde de Galicia.

E non habendo mais asuntos que tratar, levántase a sesión, asinando os comparecentes a presente acta.

D. Manuel Sanmartín Alende  
  
Presidente

D. Carlos Mato Montoto  
  
Vogal


D. Miguel Sánchez Varela  
  
Vogal

D<sup>a</sup>. Silvia Regal López



Vogal

D. Manuel Bernárdez Carbón



Secretario